# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15019347 | CPI Camiño de Santiago | O Pino | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación primaria | Música e danza | 3º Pri. | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 5 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 12 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 14 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 15 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 16 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 16 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 17 |
| 7.2. Actividades complementarias | 18 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 18 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 19 |
| 9. Outros apartados | 19 |

## 1. Introdución

Contextualización da área
A expresión artística foi innata no ser humano desde o principio dos tempos. As diferentes manifestacións culturais e artísticas teñen unha presenza constante na contorna e na vida das persoas, formando parte intrínseca do seu propio ser e da súa actividade comunicativa e social, ao mesmo tempo que son parte esencial do patrimonio cultural. A música, a danza, as artes visuais, os audiovisuais, e as artes escénicas preséntanse hoxe en día de formas moi diversas e a través de distintos medios. Por estas razóns, a educación artística ten unha gran relevancia, xa que na vida cotiá o manexo da información fai necesario ter as habilidades e destrezas para pensar.
A área de Música e Danza en educación primaria dá continuidade ao desenvolvemento iniciado polo alumnado da etapa de educación infantil a nivel expresivo e comunicativo. Desenvólvese a través dunha dobre dimensión: reflexiva e creativa.
Os alumnos explorarán as diversas linguaxes, artes e disciplinas, así como as diferentes técnicas sonoras e corporais para a creación das súas propias propostas. Considérase fundamental abordar o traballo, tanto individual como colectivamente, utilizando unha variedade de ferramentas, instrumentos e materiais, co obxectivo de que os estudantes investiguen e experimenten na dimensión lúdica, creativa, comunitaria e social do territorio.
A área de Música e Danza estrutúrase en catro bloques:
-Educación musical: percepción e análise.
-Educación musical: creación e interpretación.
-Educación e artes escénicas e performartivas: percepción e análise.
-Educación en artes escénicas e performativas: creación e interpretación.
Os bloques de contido teñen as súas propias características, aínda que todos están relacionados entre si.
A área de Música e Danza favorece a experimentación, a expresión e a produción artística de forma progresiva ao longo dos tres ciclos nos que se organiza a educación primaria.
Esta programación didáctica está composta por 3 bloques, un por trimestre, divididos en 8 UD cada un deles.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade. | | 3 | 1 | 1 | 3 | 1 | 2 | 1-2 |
| OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas. | | | | | | | | 2-4 |
| OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia. | 3 | 3 | 2 | 1 | 4 | 3 | | 1-2 |
| OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias. | 1 | | | 2 | 1-5 | 2 | 1 | 3-4 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza. | 1-5 | 3 | 3 | | | 2 | 1-3 | 3-4 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 1.Notas sen fin<br>2. As figuras musicais<br>3. A Mañá<br>4.Seguindo o compás<br>5.O twist do esqueleto.<br>6. Nun mercado persa<br>7. Simana Kaa<br>8. Con un sombreiro de palla | Neste primeiro trimestre, a observación da imaxe da que se parte facilitaralles ás alumnas e aos alumnos a reflexión sobre as súas propias calidades e sobre as dificultades que atopan á hora de realizar determinadas tarefas. Poderán utilizar distintos tipos de linguaxe para expresar as emocións que experimentan ao escoitar música. As aprendizaxes deste trimestre permitiranlles identificar fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autocoñecemento. Expresarán tamén os seus gustos e as súas preferencias e coñecerán outras culturas. | 34 | 12 | X | | |
| 2 | 1.Xoán sen ritmo<br>2.Supercalifraxilístico.<br>3. Samba da redonda.<br>4. Papageno e papagena.<br>5. Danza dos sete saltos.<br>6. Oh when the saints<br>7. O piollo e a pulga.<br>8. Esta gaitiña que eu toco. | Este trimestre comeza cunha situación a partir da cal os nenos e as nenas recoñecerán o valor e a finalidade da música, asociarán sons a situacións cotiás, expresarán as emocións que experimentan e explicarán os seus sentimentos.<br>Durante o desenvolvemento das sesións, poderán establecer a relación que existe entre a música e o cinema e investigar sobre as distintas formas de expresión. As aprendizaxes deste trimestre axudaranos a tomar conciencia das posibilidades expresivas do seu corpo e a valorar a importancia de desenvolver a creatividade en distintos ámbitos da súa vida. | 34 | 12 | | X | |
| 3 | 1. Dous colexios moi diferentes.<br>2.Eram sam sam<br>3.Cambiando a intensidade.<br>4.Pedro e o lobo. | No comezo do trimestre móstranse escenas cotiás nas que o ruído resulta moi molesto. Isto permitirá aos alumnos e ás alumnas reflexionar sobre as consecuencias da | 32 | 11 | | | X |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 5. O interprete.<br>6. Valse das flores.<br>7.Xabadabadù.<br>8.Sinfonìa do novo mundo. | contaminación acústica e experimentarán os beneficios de permanecer en silencio. Expresarán as súas sensacións, aplicarán as súas capacidades comunicativas para concienciar á xente e valorar a satisfacción persoal de realizar tarefas de maneira autónoma; apreciarán as posibilidades narrativas da música e tamén coñecerán feitos históricos e formas de vida doutras épocas. | 32 | 11 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | 1.Notas sen fin<br>2. As figuras musicais<br>3. A Mañá<br>4.Seguindo o compás<br>5.O twist do esqueleto.<br>6. Nun mercado persa<br>7. Simana Kaa<br>8. Con un sombreiro de palla | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Mostrar curiosidade e respecto polas propostas musicais de diferentes xéneros, estilos, époas e culturas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Usar o vocabulario  básico específico para describir elementos musicais sinxelos. | | |
| CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos fundamentais da música e da linguaxe musical. | Identificar visual e auditivamente, clasificar elementos fundamentais da música e da linguaxe musica | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Usar algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e disfrute. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar ideas, sentimentos e emocións a través da música. | | |
| CA2.3 - Utilizar elementos básicos da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais, a través da vivencia destes. | Interpretar propostas vocais e instrumentais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Compartir as experiencias creativas musicais | | |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Apreciar propostas artísticas amosando curiosidade polas mesmas. | | |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Buscar información de forma guiada. | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar unha actitude positiva e de respecto ante propostas artísticas. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar ideas e sentimentos de forma guiada, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos á súa disposición. | | |
| CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da expresión corporal e diferentes técnicas artísticas. | Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias básicas de recepción activa.<br>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.<br>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.<br>- Vocabulario específico de uso común en música.<br>- Recursos dixitais de uso común para música.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.<br>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.<br>- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.<br>- Estratexias básicas de recepción activa. |

| **Contidos** |
|---|
| - Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.<br>- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante<br>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre<br>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.<br>- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | 1.Xoán sen ritmo<br>2.Supercalifraxilístico.<br>3. Samba da redonda.<br>4. Papageno e papagena.<br>5. Danza dos sete saltos.<br>6. Oh when the saints<br>7. O piollo e a pulga.<br>8. Esta gaitiña que eu toco. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Mostrar curiosidade e respecto polas propostas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Usar o vocabulario  básico específico para describir elementos musicais sinxelos. | | |
| CA1.4 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa. | Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Usar algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e disfrute. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas musicais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participar no deseño de producións musicais de forma cooperativa. | | |
| CA2.5 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe musical e diferentes técnicas artísticas. | Usar diferentes técnicas para crear producións musicais de forma cooperativa. | | |
| CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento | | |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Apreciar propostas artísticas amosando curiosidade polas mesmas. | | |
| CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación escénica e performativa, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas | | |
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar unha actitude positiva e de respecto ante propostas artísticas. | | |
| CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, e mostrando confianza nas capacidades propias. | Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar ideas e sentimentos de forma guiada, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos á súa disposición. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias básicas de recepción activa.<br>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.<br>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.<br>- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.<br>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos. |

| Contidos |
| --- |
| - O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.<br>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.<br>- Vocabulario específico de uso común en música.<br>- Recursos dixitais de uso común para música.<br>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.<br>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.<br>- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.<br>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical.<br>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.<br>- Estratexias básicas de recepción activa.<br>- Manifestacións básicas vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas escénicas e performativas desde unha perspectiva de xénero.<br>- Vocabulario específico de uso común nas artes escénicas e performativas.<br>- Recursos dixitais de uso común para as artes escénicas e performativas.<br>- Principais profesións vinculadas ás artes escénicas e performativas. Recoñecemento básico.<br>- Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante<br>- O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre<br>- Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo.<br>- Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática.<br>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.<br>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.<br>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa |

| **Contidos** |
|---|
| - expresión corporal e dramática |

| **UD** | **Título da UD** | **Duración** |
|---|---|---|
| 3 | 1. Dous colexios moi diferentes.<br>2.Eram sam sam<br>3.Cambiando a intensidade.<br>4.Pedro e o lobo.<br>5. O interprete.<br>6. Valse das flores.<br>7.Xabadabadù.<br>8.Sinfonìa do novo mundo. | 11 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Mostrar curiosidade e respecto polas propostas musicais de diferentes xéneros, estilos, époas e culturas. | TI | 100 |
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas musicais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Usar o vocabulario básico específico para describir elementos musicais sinxelos. | | |
| CA1.5 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identificar os elementos característicos de diferentes manifestacións musicais. | | |
| CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva. | Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais | | |
| CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias. | Usar algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e disfrute. | | |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas musicais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar ideas, sentimentos e emocións a través da música. | | |
| CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas. | Apreciar propostas artísticas amosando curiosidade polas mesmas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas. | Identificar os elementos característicos de diferentes manifestacións artísticas. | | |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance. | Expresar ideas e sentimentos de forma guiada, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos á súa disposición. | | |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade. | Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas escénicas e performativas | | |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas escénicas e performativas, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido. | Empregar estratexias comunicativas para compartir experiencias. | | |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Amosar respecto polas diferentes creacións e interpretacións artísticas. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Estratexias básicas de recepción activa.<br>- Principais profesións vinculadas á creación e interpretación musical.<br>- O son e as súas calidades: identificación visual e auditiva, clasificación e representación elemental de diversidade de sons e estruturas rítmicas e melódicas a través de grafías convencionais e non convencionais.<br>- A voz e os instrumentos musicais. Principais agrupacións e familias. Identificación visual e auditiva. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.<br>- O tempo, o carácter e a dinámica: identificación dos máis característicos.<br>- O pulso, o acento e o compás: identificación e diferenciación entre compás binario e ternario en fragmentos e pezas musicais seleccionadas.<br>- Estratexias básicas de análises de propostas musicais desde unha perspectiva de xénero.<br>- Práctica instrumental, vocal e corporal: experimentación, exploración creativa, interpretación e improvisación guiada a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas. Respiración consciente e hixiene e corrección postural.<br>- Construción elemental guiada de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.<br>- Linguaxes musicais: aplicación dos seus conceptos básicos na interpretación e na improvisación guiada de propostas musicais vocais e instrumentais. Recoñecemento e utilización do silencio na interpretación musical. |

| Contidos |
|---|
| - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. |
| - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. |
| - Estratexias básicas de recepción activa. |
| - Aproximación aos elementos básicos da representación escénica. Roles, materiais e espazos. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante |
| - O corpo e as súas posibilidades motrices e creativas: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral, como medio de expre |
| - Técnicas básicas dramáticas e dancísticas de uso común. Respiración consciente e hixiene e corrección postural. Linguaxes expresivas básicas. Actos performativos elementais. Improvisación guiada. Interese, práctica e confianza nun mesmo. |
| - Capacidades expresivas e creativas de uso común da expresión corporal e dramática. |
| - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflictidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A inclusión das competencias clave no currículo vai condicionar a metodoloxía, xa que implica unha práctica integradora dos distintos tipos de coñecemento As principais estratexias metodolóxicas serán o aprendizaxe en espiral e a globalización. Por iso, partirase dos coñecementos previos do alumno ou alumna, das súas ideas, experiencias e concepcións relacionadas coa música, pero con características e dificultades novas a aprender, un axeitado nivel de dificultade equilibrado entre os exercicios propostos e o desenvolvemento das habilidades necesarias para levalo a cabo. Procuraranse fomentar expectativas de logro a través de situacións de éxito, permitindo a concordancia entre o esforzo realizado e as expectativas e evitando a frustración.

Crearanse contextos de traballo sobre formas de expresión variadas e nos que a interacción cos compañeiro e compañeiras, cumpre un papel fundamental coa confrontación de opinións e o traballo colaborativo. Presentaranse as actividades como algo lúdico, propiciando un ambiente de cooperación,comunicación e harmonía nas relacións, e un longo etcétera, van na procura de
posibilitar aprendizaxes significativos e funcionais, que partan dos esquemas previos de coñecemento, para modificalos, completalos ou reconstruílos evitando na medida do posible o aprendizaxe memorístico e concedendo primacía a comprensión e ó razoamento, partindo da actividade construtivista a través de actividades motivadoras .

Esta postura motivadora aceptando, na medida do posible, as propostas de traballo que o alumnado libremente aporte, e ofrecéndolle a confianza para se expresar nun ambiente positivo e de cooperación onde todas as opinións son igualmente tidas en conta, valoradas e respectadas, redunda directamente nunha apertura da imaxinación e un

desenvolvemento da capacidade creativa.
Todas as unidades didácticas xiran en torno a un centro de interese moi marcado e definido, que nos leva a unha procura da devandita globalización e da interdisciplinariedade , aproveitando os numerosos contactos que a música establece co currículo doutras materias e coa súa vida cotiá, para deste xeito, o alumnado percibir a utilidade das súas aprendizaxes, posto que esta se fai en bloque e proporcionando estratexias de traballo globais que poidan ser aplicadas en situacións moi diversas.

Partirase das características psicolóxicas e evolutivas e terase en conta o desenvolvemento psicolóxico do alumnado xa que o coñecemento do seu pensamento, carácter e comportamento posibilitará unha aplicación pedagóxica.

O tratamento personalizado que incide de xeito moi positivo no aprendizaxe do alumnado, xa que permite adaptarse ás características propias de cada un e partir de plantexamentos en certa medida distintos. Non todos aprendemos do mesmo xeito e ó mesmo ritmo, xa que dependemos superlativamente das influencias que sobre o noso coñecemento existen e que proveñen das experiencias previas e das situacións novas. A intervención docente neste aspecto pode contribuír a unha mellora significativa no desenvolvemento de cada individuo cas súas características propias. Dentro das reais e lóxicas limitacións do ensino en xeral e da música en particular, velarase insistentemente pola atención personalizada, como un principio metodolóxico fundamental no proceso de ensino e aprendizaxe, atendendo á dimensión individual e afectiva de cada membro do grupo, a partir das súas capacidades.

A Educación Musical debe plantexarse a partires dunha metodoloxía activa xa que a actividade, en definitiva, responde á máxima de que as cousas ensínanse e apréndense facéndoas. Pero non se trata só dunha actividade externa, senón, e fundamentalmente dunha actividade mental que lle permita propoñerse interrogantes e buscar estratexias para resolvelos procurando que exista unión entre a teoría e a práctica. Na potenciación da actividade é cardinal, xa que logo, facilitar a reflexión á hora da acción, e tamén fomentar a zona de desenvolvemento potencial na adquisición de novas aprendizaxes, para o que se fai necesario estruturar e dosificar os novos contidos, consolidar a aprendizaxe a través da creación de nexos entre os coñecementos previos e os novos e a funcionalidade de dita aprendizaxe, unha boa actitude docente na que o alumnado vexa o exemplo, facilitar a posibilidade de levar a cabo unha actividade coa mínima axuda necesaria, etcétera.

Partirase da idea de que o alumnado non se limite á manipulación e acción externa, senón que se debe levar a cabo unha actividade interna que o obrigue a proporse interrogantes e á busca de estratexias que lles permitan resolvelos, relacionando o xa coñecido cas novas aprendizaxes que se lle presentan. Por iso os contidos se ordenan por complexidade, atendendo ó desenvolvemento das súas capacidades, e a un tratamento cíclico dos mesmos, isto é, presentándose en contextos moi diferentes para que lles permita ó alumnado establecer unha grande cantidade de relacións e así integralos nas súas propias producións. É, por tanto, moi importante que en todo momento o alumnado teña a oportunidade de se
expresar e comunicar.

A unidade entre teoría e práctica , supón a necesidade dunha actitude analítica e investigadora por parte dos alumnos, que o mestre incentivará procurando que o alumnado mostre as súas opinións respecto ás actividades a realizar aínda que sexan eminentemente prácticas.

A creatividade: Como xa se adiantou anteriormente, débese incidir en actividades de creación tanto individual como colectiva que estimulen o pensamento e permitan o alumno mostrar elementos do seu interior. As actividades de improvisación ou calquera outro tipo de creación serán entón habituais na posta en práctica das distintas unidades didácticas.

A socialización : debido ó carácter participativo e á presenza de actividades de índole expresiva (vocal, instrumental ou de movemento) comúns en Educación Musical, a materia faise idónea para a potenciación das relacións persoais así como para reforzar o traballo colaborativo. As actividades tanto conxuntas como cooperativas son comúnsno desenvolvemento das unidades didácticas. Sen embargo non só é o traballo en equipo, o que crea a concienciación de grupo e por tanto de sociedade, senón tamén a través dos contactos co exterior, con culturas que posúen características distintas (a través da audición, práctica vocal e instrumental, movemento e danza...). Neste sentido procuraranse situacións que nos preparen para a convivencia democrática, a participación e a igualdade, respectando ós demais e ás súas diferentes concepcións, e formando grupos nos que se auxilien as relacións humanas e a modelación dos roles máis axeitados.

O desenvolvemento das actividades incluirá un plantexamento lúdico xa que o xogo é un medio de aprendizaxe adecuado para a idade do alumnado que ofrece posibilidades moi diversas na aula de música; tanto a música como o

xogo son actividades que xorden de xeito natural no neno, sen embargo evitarase a falsa concepción da materia como un paréntese na vida escolar do alumnado, concedéndolle a importancia que ten no seu desenrolo e maduración.
Procurarase en todo momento unha educación integral a través da música que inclúe tanto aspectos de expresión, orientados o desenvolvemento da propia personalidade, comunicación, sentido social e autonomía, a creatividade, a emotividade e a sensibilidade a partires da música, o desenvolvemento sensorial e corporal e psicomotor a través das actividades con movemento, como o desenrolo cognitivo e artístico á vez.

Os métodos específicos que se aplicarán na dilatación da programación son os que responden ás catro grandes correntes pedagóxicas do século XX: Dalcroze, Kodály, Orff e Willems.
Aínda que algúns elementos do método ideado por Émile Jacques Dalcroze, sobre todo o que fai referencia ás condicións cas que a aula e alumnado deben contar, non poidan ser tidos en consideración, si se fará especial fincapé na idea dunha educación integral do alumnado a través da expresión corporal cun grande contacto co desenvolvemento psicomotor, do movemento, e do que Dalcroze chama o
sexto sentido (o muscular), impulsando a atención, intelixencia, sensibilidade, memoria, imaxinación e creatividade...
Así mesmo, copiarase deste método a idea da importancia da improvisación como expresión directa da vida, e a maneira de conseguir unha apreciación musical partindo da experiencia sensorial e motriz, desenvolvendo corporalmente os elementos da música (compás, tempo, pulso, acento, matices, figuras, forma musical, melodía, ritmo...), o ritmo interno, a apreciación do silencio e fomentando a educación auditiva. De Zoltan Kodály terase a ben non tanto as cousas máis identificativas e representativas do método, senón a atención en xeral, como base sustentadora, que o seu desenvolvemento pedagóxico presta á música tradicional ou popular, como linguaxe materna do alumnado. As cancións tradicionais ou populares servirannos para aprender intervalos, como unha especie de traballo previo ou integrado. Por outra parte, e aínda que adaptados ó tempo do que en primaria se dispón para o ensino-aprendizaxe da música e das nosas intencións co mesmo, farase uso da adaptación fononímica que Kodály fixo de John Curwen e máis das sílabas rítmicas que este pedagogo axeitou do francés Chevais. En realidade, a idea da fononimia está a cabalo entre a usada por Orff-Wuytack e este método de Kodály, posto que o certamente interesante é usar uns xestos que o alumnado poidan identificar cunha altura sonora, axudándonos na aprendizaxe e interpretación de cancións, ditados sinxelos, canto a varias voces... e en xeral na percepción física e corporal desa altura sonora que se estar a cantar. En definitiva, esta fononimia será usada pola docencia (sempre que a velocidade o número de notas o permitan), máis nunca esixida ó alumnado. Por outra banda aprenderemos breves patróns rítmicos, realización de ditados, lectura musical, creacións rítmicas... empregando as sílabas rítmicas.
Xa algunhas das achegas que o método de Carl Orff fai á pedagoxía musical foron descritas, aínda que resta por incluír quizais o máis
importante desta corrente por ser a súa base sustentadora: a filosofía de aprendizaxe. Por iso e tendo moi a ben os principios que este autor cita no seu Schulwerk (e sempre, que nos situamos no inicio dun novo proceso de ensino aprendizaxe para o alumnado chamado primaria) velarase intensamente por que na aula de música se faga educación musical e non ensino da música, posto que non se trata de formar tecnicamente a músicos, senón dunha educación integral que se beneficia da música como un elemento, dándolle grande importancia ó traballo en grupo. Tamén, como xa se indicou anteriormente en Kodály, copiarase a idea do tratamento do ritmo a través da inclusión da linguaxe, a prosodia rítmica, así como do movemento corporal como feito natural rítmico e de expresión, sen esquecerse da axuda que neste sentido ofrece a pequena percusión ideada polo propio autor. Así mesmo, e aínda que non na súa plenitude, será tomada a idea do musicograma desenvolvida polo seu discípulo Jos Wuytack, a través de representacións e murais que o alumnado faga logo dunha percepción auditiva, se ben neste sentido serán tomadas, así mesmo, as ideas do compositor e pedagogo Murray- Schafer, non se centrando só nas consecuencias do feito sonoro, senón do son en si mesmo.
Finalmente, o método ideado por Edgar Willems é moi importante nesta programación primordialmente no que se refire ao métodos, técnicas, materias... en definitiva á ideoloxía que o método propón ó redor do desenvolvemento da sensorialidade auditiva, a través de exercicios de memorización e recoñecemento de sons, a comprensión do movemento sonoro, a súa representación en diagramas pancromáticos de maneira gráfica e corporal...

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD) |

| |
|---|
| Encerado dixital |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc. |
| Altofalantes |
| Piano electrónico |
| Micrófono/s, pé/s de micro e cableado |
| Páxina web do centro: sección Aula de Música e Danza/Aula Virtual |
| Frauta doce |
| Cartafol con aneis |
| Estoxo |

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula, se ben é espazosa, para o aspecto da Danza precisa de desprazar un pouco as mesas, pois esta compártese coa materia de Ciencias Sociais en inglés. Nese senso, o encerado é dixital e táctil e permite escribir nel, mais está ubicado un pouco baixo de máis, o que, se ben permite que o alumnado de infantil acceda a el con facilidade, á hora de sentarse o alumnado, tanto de infantil coma de primaria, hai que colocalo específicamente para que todo este poida ver o encerado sen problema.

O ordenador de aula é novo e conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O/s micrófono/s, pé/s de micro e cableado empregarase para a gravación de producións do alumnado e material de soporte do profesorado.

A sección desta materia na páxina web do centro e/ou Aula Virtual servirá para varias cuestións, como así se pode comprobar no punto das concrecións metodolóxicas.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (frauta, cartafol con aneis para fichas e estoxo).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo na 1ª e/ou 2ª sesión/s, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:
-alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente o curso anterior
-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba consistirá de:
-unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflictida nun rexistro: eiquí inclúese a comprobación do nivel de dominio con algún/s instrumento/s PAI, PAD e coa frauta.
-unha ficha escrita para comprobar o coñecemento, fundamentalmente, de elementos da linguaxe musical dos cursos anteriores.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **34** | **34** | **32** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:
-1º trim.: UD 1-8 80% + Participación 20%
-2º trim.: UD 9-16 80% + Participación 20%
-3º trim.: UD 17-24 80% + Participación 20%

O avaliación final obterase coa media aritmética das tres avaliacións, podendo ser ma¿is elevada se se constatou unha progresio¿n de mellora na avaliacio¿n continua.:

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:
-se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
-se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

**Criterios de recuperación:**

No caso de non acadar os mínimos esixibles para un trimestre, estableceranse actividades de reforzo educativo. Dado que a avaliación é continua obter os mínimos esixbles na seguinte avaliación implicará que se superaron as aprendizaxes non adquiridas no trimestre anterior.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:
-Actividades programadas para todo o grupo.
-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
-Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan

rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso: solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO; traballarase máis na comunicación a través de imaxes e no aspecto da recepción e na vivencia musical e da danza, de xeito que se faga fincapé na integración e inclusión deste tipo de alumnado co resto da clase.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

Con alumnado con deficiencias auditivas cómpre diferenciar entre aquel hipoacústico, co que o obxecto principal é desenvolver a audición no marco da linguaxe, interpretando cancións e exercicios de discriminación auditiva, e o anacúsico, co que o obxectivo principal é estimular a lectura de beizos e axudarlles na súa toma de conciencia sobre as vibracións que o rodean, para o que se lle axudará, sobre todo, cos sentidos da vista e do tacto.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Emprendemento | X | X | X |
| ET.2 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.3 - Educación para a paz e resolución pacífica de conflitos. | X | X | X |
| ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X |
| ET.5 - Educación para a saúde | X | X | X |
| ET.6 - Educación emocional e en valores | X | X | X |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Foliada do magosto | Polo magosto cantaremos un repertorio de cantigas tradicionais traballada na aula de música | X | | |
| Participación na radio escolar | Participación na radio escolar posta en  marcha este ano. | X | X | X |
| Asistencia a concertos didácticos | Asistencia a un concerto didáctico no Auditorio de Galicia (aínda por determinar) | X | X | X |

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos. |
| Cumpriuse a temporalización inicialmente establecida. |
| Usáronse distintos instrumentos de avaliación. |
| Máis do 80% do alumnado superou a materia. |
| Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado. |
| Metodoloxía empregada |
| A persoa docente empregou as metodoloxías reflictidas na PD. |
| Medidas de atención á diversidade |
| Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas. |
| Clima de traballo na aula |
| Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Aportouse información ao persoal docente titor. |
| Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado. |

**Descrición:**

Farase unha táboa de rúbricas para facer a avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
-Grao de cumprimento da PD con caráter xeral dos indicadores de logro desta.
-Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:
-Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
-Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
-Probas de avaliación de distinta dificultade.
-Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:
-Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluiranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Asi mesmo, esta información será incluida na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados